# Os milagres de Cristamar

**Chelo Suárez**

*Edicións Positivas. 106 páxinas*

Cunha escrita que te enreda dende o primeiro capítulo, *Os milagres de Cristamar* foi a novela gañadora da IV edición do premio Narrativas Quentes. Ambientada canda o famoso terremoto de Lisboa, e tan intensa como curta, nesta novela hai prostitutas, monxas, hermafroditas, castratos, mariñeiros e un longo etc. Narración chea de erotismo, de lirismo e insinuacións, de violencia, humor e ousadía, a narrativa e a poesía camiñan xuntas nas súas páxinas. Pero esta obra quere tamén ser unha homenaxe á Coruña, cidade sempre vencellada ao cristal, á luz e ao mar. En definitiva, unha das propostas máis interesantes dos últimos tempos.

